

vero rilo

# PELICA DE BURRA



ESPECIAL  
0-3 AÑOS  
FAMILIAS  
CON BEBÉS  
*con Luis Iglesias*





# PELICA DE BURRA

vero rilo narración

## SINOPSE

Ano 2.735

Pelica de Burra viaxa no tempo e chega a un futuro sen xogos, sen contos, sen música e... a que non lle gusta un bo temazo? Decide así regresar ao pasado para atopar as palabras perdidas.

“Había unha vez  
pola feira  
catro amigas:  
Unha burra,  
unha cadela,  
unha gata  
e unha galiña  
E chegou Pelica e dixo:  
-Arre burriña!  
A burriña orneou  
E logo arreou...”

*PELICA DE BURRA* é un espectáculo-obradoiro de narración oral e música para familias con crianzas de 0 a 3 anos, da man da narradora e educadora Vero Rilo (Daboapipa, Apatacón, rilo&penadique...) acompañada do músico Luís Iglesias (Trihornio, Estudios Potemkin...) Igualdade, tradición oral, musicalidades actuais e non tanto, xogos de cóxegas, de colo, arros e contos... Queremos xogar, contar, cantar con Pelica e bailar na feira coas amigas!

# FICHA TÉCNICA

vero rilo narración

**PÚBLICO**\_familias con bebés (0-3 anos)

**AFORO**\_25 adultas + 1 bebé por adulta

**DURACIÓN**\_30 minutos (aprox)

**MONTAXE**\_50 minutos

**DESMONTAXE**\_ 30 minutos

**HORA DE CHEGADA**\_1 h antes

**OUTRAS NECESIDADES**\_

espazo para carga/descarga

estacionamento

espazo para cambiarse

dúas augas

## SON

2 micros inalámbricos de diadema

1 mesa con 6 canles

2 caixas autoamplificadas

## ILUMINACIÓN

2 frontais

1 cenital

## DENDE A COMPAÑÍA TAMÉN RECOMENDAMOS...

**Gústanos** coidar especialmente a profesión e queremos compartir algunhas aprendizaxes que poden resultar de interese:

- Un espazo libre de ruidos é case imprescindible.
- Ser puntuais coa chegada e hora de inicio crea un bo hábito de respecto e escoita.
- Facer un listado previo de inscricións axuda moito.
- Compartir a sesión coa familia resulta imprescindible; propoñemos a asistencia de unha ou dúas persoas adultas por bebé.

- O chan debe ser adecuado para sentar en corro as adultas coas súas crianzas.
- O espazo debe estar libre de perigos, sendo a sala o máis diáfana posible.
- Recibimos a cada familia á entrada e reducimos o aforo para adecuarnos ás necesidades dos bebés, pero tranquilas podemos falar para buscar solución no caso de ter moita demanda. É un obradoiro-espectáculo flexible e podemos adaptalo a diferentes necesidades







# VERO RILO

## bio

### VERO RILO

**Mugardos, 1984**

**Narradora oral**

Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerias para todo tipo de público.

Titulouse como técnica superior en **Integración Social** e en **Educación Infantil**.

Foi traballadora na Rede de Escolas Infantís de Galicia- Galescolas e na Rede de Escolas de Ensino en Galego Semente. Combina do 2010 ata o 2018 o traballo como educadora e narradora.

Fórmase con referentes da narración oral galega e internacional como *Charo Pita*, *Tim Bowly*, *Quico Cadaval*, *Pepito Mateo*, *Nono Granero*, *Paula Carballeira*, *Rodorín*, *Pablo Albo* ou *Soledad Felloza* e asiste as Escolas de Verán AEDA 2015, 2017, 2018 e 2019.

Cursa dous anos de **Formación Actoral** con *Carlos Neira* (EspazoAberto, Santiago de Compostela), formación regular en improvisación teatral cos mestres *Antón Coucheiro* e *Alfonso Lupo* e obradoiros de interpretación a cámara con *Alfonso Zarauza*.

Recibe clases de **técnica vocal** con *Pablo García Ferradás* e *Cristina Domínguez da Pena*.

No 2013 emprende da man do acordeonista *Santi Prieto*, o proxecto de narración e música para público familiar **Daboapipa**, á que seguirán **Rilo&Penadique** coa acordeonista *Sonsoles Pendique* e **Apatación** coa vocalista *Faia Díaz* (De Vacas, Coro Encaixe).

No 2019 enrédase en **Divas de Diván** coas narradoras *Ángeles Goás* e *Carmen Conde* nunha sesión de contos eróticos.

Actualmente participa no proxecto multidisciplinar **Indóciles**, coa música Mónica de Nut e a poeta Nuria Vil Traballa, ao longo destes anos, coa USC, o CFR Coruña, o CFR Ferrol e Semente Compostela deseñando e impartindo obradoiros para docentes.

Forma parte da Asociación de Narración Oral Galega **NOGA**.

A día de hoxe aposta pola súa compañía *Vero Rilo*, traballando ao só ou con músicos como *Santi Cribeiro* (Berrogüeto, Os d' Abaixo) e *Luís Iglesias*.

A música está moi presente nos seus traballos, aínda que por máis que o intente nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio.



# LUIS IGLESIAS

## bio

### **Luis Iglesias**

**Santiago de Compostela, 1977**

### **Músico**

Luis Iglesias Fernández  
icênciase en Belas Artes na  
especialidade de pintura no ano  
2001.

A súa formación musical é heterodoxa,  
estudando Jazz no Taller de músicos de  
Madrid, así coma en Estudio Escola de  
Música en Santiago de  
Compostela.

Estuda guitarra clásica co mestre Rubén  
Abel e solfexo  
segundo o método Kodaly da man de Sergio  
de la Osa.

Participa en múltiples bandas de estilos tan  
diversos coma folk ou rock: Brandelia, La  
Pelvis,  
Reino Animal, Trihornio...

Formado tamén como técnico de luces e  
son traballa coas  
compañías de títeres A Xanela  
do Maxín ou Títeres Cachirulo  
exercendo múltiples funcións,  
coma músico e técnico.  
Impulsa o proxecto Estudios  
Potemkin, creando un novo e  
multifuncional espazo cultural e estudo de  
gravación en Santiago de Compostela.  
Na actualiade comparte escenario na  
compañía de  
narracion orae musica vero  
Rilo creando espazos sonoros e  
sendo o responsable da parte musical no  
espectáculo Cacho  
Animalada.

**+INFO E DISTRIBUCIÓN:**

**CULTURACTIVA**

**TRIASCASTELA 3  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
+34 981 58 28 36  
INFO @ CULTURACTIVA.ORG**